




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Cee, nunha pequena franxa occidental; e Dumbría na maior parte. Parroquias: Santiago da Ameixenda en Cee; e Santa Uxía do Ézaro en Dumbría. Extensión: 4,84km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade conformada por unha chaira costeira desenvolvida cara ao interior en dirección nordés e situada entre montañas de orixe hercínico. No sector máis próximo ao mar, desde a praia de Ézaro, esta profunda depresión presenta unhas vertentes disimétricas, xa que os desniveis son algo maiores no oeste (até do 60 %). Cara ao norte e o leste, a chaira ensanchase até chegar ao pé dos relevos circundantes, onde as ladeiras adquiren tamén valores bastante elevados. O río Rosa polo norte, e o arroyo do Mazo polo nordés, continúan esta depresión encaixándose respectivamente entre os montes graníticos. Inclúe o EIX Relevo granítico do Macizo do Pindo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade de gran variedade litolóxica: xistos con algúns niveis de cuarzitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe, de Idade precámbrico-silúrica, no sector suroeste, ademais dunha banda en Xornes-Vos Coiros e na ladeira este do Petón das Cabanas; un sector triangular de granitoide migmatítico hercínico, con nebulitas, que ocupa a zona de Ou Santo no sector sudoeste; enclaves en orientación NNO.-SSE. de granito de dúas micas de gran medio a groso (Tipo Barbanza e Dumbría) acompañando aos xistos nese sector sudoeste; un granito de dúas micas de gran groso e megacrístais (Tipo Ruña) nas zonas centro-norte e norte; unha granodiorita biotítica do Tardihercínico (Tipo Pando e facies de bordo de Pindo) no sector sureste. O Cuaternario aparece nos sedimentos areoso da fronte costeira e nos aluviais do val de Ézaro.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade que se estende pola vertente meridional dos Montes de Buxantes o que orixina unha transición climática de costa a interior directamente relacionada coa variación altitudinal. A franxa costeira pertence ao dominio Cálido e Húmido con temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións entre 1200mm e 1400mm. Co incremento da altitude hai un aumento progresivo da pluviosidade así como un lixeiro descenso das temperaturas medias de xeito que a cabeceira da cunca, en torno aos montes Altos da Pena e Pedras Carbalizas, forma parte do dominio Temperado e Moi Húmido caracterizado por temperaturas medias entre 13°C e 14°C e precipitacións acumuladas entre 1600mm e 1800mm. A amplitude térmica na franxa costeira non supera os 13,5°C mentres que na cabeceira se sitúa un grao por riba.

OS SOLOS

Arenosos na franxa costeira asociada ao complexo sedimentario da praia de Ézaro. Na vertente obsérvase a catena dos solos máis desenvolvidos de fondo de val, fundamentalmente cambisols eútricos, aos menos evolucionados de media ladeira e de cabeceira onde se forman umbrisois dístricos e regosois. Nos sectores de forte pendente con intensos procesos erosivos o resultado edáfico son solos incipientes sen apenas horizontes nos que aflora o substrato rochoso como acontece nos altos de Montemaior ou da Pena.


AS AUGAS

A unidade queda definida hidroloxicamente pola presenza da praia de Ézaro, a cuxo norte chega o río Rosa, que canaliza as augas da unidade e que ten como afluente destacado ao arroyo do Mazo, pola marxe esquerda. A praia de Ézaro está bañada polas Augas Costeiras definidas segundo o código 20144.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade mixta con tramos acantilados e praias. A fronte rochosa presenta dous hábitats: 1230, cantís mariños atlánticos; e 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados, debido á presenza de plataforma e acumulacións de bloques na parte oeste da unidade. No interior, coas repoboacións ocupando as ladeiras de maneira bastante densa, interesa resaltar a existencia de masas ripícolas (91E0) no Río Rosa e o seu encaixado val. Entre Lombiño, O Ézaro e Finsín aparecen bosquetes e pequenas formacións de frondosas de recolonización. Ademais, na parte baixa do val, entre O Ézaro e a desembocadura, é posible encontrar áreas hidromorfas con prados húmidos que poderían vir representados polos hábitats 6420, prados de herbas altas do Molonion-Holoschoenion e 6430, megaforbios eutrofos higrófilos. Nas elevacións dos peches da unidade, incluso próximas á costa, existen afloramentos rochosos con potencialidade para os hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na franxa costeira, situada ao sur da unidade, destaca a Praia de Ézaro e a súa contigua, a Praia Menor, bordeadas dun paseo marítimo, onde se instalan construcións e equipamentos destinados a un uso residencial - turístico. Desde esta zona esténdese un val costeiro cara ao nordés onde se asenta o parcelario agrícola vinculado aos núcleos tradicionais. As vertentes dos montes Alto da Pena, Pedras Carbalizas e Alto de Montemaior están poboadas por masas densas de repoboación, combinadas con bosques mixtos. Na cima do Alto de Mote Maior instalouse un novo uso enerxético, constituído por un parque eólico.

MORFOLOXÍA

A primeira liña litoral responde a un crecemento periférico do núcleo de Ézaro (considerado núcleo de identidade do litoral) e Castelo froito da atracción turística que supón a Praia de Ézaro e Praia Menor. Este crecemento caracterízase por unha morfoloxía lineal e paralela á praia, cunha tipoloxía onde se distingue unha primeira liña de edificacións independentes de tipo unifamiliar, intercaladas con vivendas de maior volume. No interior do val aséntanse os núcleos de Peneda e A Laxe. Trátanse de asentamentos tradicionais, caracterizados pola súa agrupación arredor dunha praza ou vía e cunha tipoloxía típica do rural galego. A pé da ladeira do Alto de Montemaior sitúase o núcleo de Lombiño, núcleo tradicional con clara distribución lineal seguindo o eixo dunha estrada local.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A infraestrutura principal, a estrada AC-550, cruza os núcleos de Castelo e Ézaro de oeste a leste cun trazado paralelo e próximo á costa. A densa rede de estradas secundarias comunica os núcleos interiores coa fronte litoral, a partir destas hai unha trama de camiños tradicionais e viarios de menor entidade que organizan o parcelario existente.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os elementos patrimoniais catalogados sitúanse sobre todo no núcleo de Ézaro. Son bens de interese cultural, compostos por casas tradicionais e algún cruceiro. En canto ao patrimonio arqueolóxico destacar a Mámoa de Castro Valado situada no Monte Maior e o Castro de Castromar preto de Peneda.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade mantén un carácter agropecuario definido polas súas agras e núcleos tradicionais. Pero este carácter está a ser desprazado polo uso turístico que se está instalando na fachada costeira, coa construción de infraestruturas como o paseo marítimo e novas vivendas de segunda residencia. O desenvolvemento de chans turísticos na zona costeira marca o contrapunto deste modelo de organización do territorio, definido polo contraste entre as zonas interiores do val cun carácter tradicional e a fachada litoral máis urbanizada.

DINÁMICA DA PAISAXE

Perda de solo agrícola, sendo máis patente no val e na vertente occidental, producida por un aumento de superficie de arboredo nos sectores de máis difícil acceso e aumento de superficie construída na zona central do val, onde, grazas á implantación de novas infraestruturas viarias, se desenvolveron construcións espontáneas con carácter residencial. O mesmo ocorre en toda a fachada litoral onde a potencialidade turística que teñen as súas praias propiciou que o desenvolvemento dos núcleos de Ézaro e Castelo desprace o uso agronómico que tiñan as parcelas.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Aínda que é unha unidade bastante antropizada, especialmente na fachada litoral conserva un patrimonio natural destacable, como son as masas de vexetación costeira das cimas dos montes que encerran a unidade, recoñecidas polas figuras de protección LIC e ZEPVN e os bosquetes de frondosas de reboación das súas ladeiras, constituíndo o fondo escénico da unidade e o lugar desde onde se poden obter as mellores panorámicas do ámbito.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



